

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Bases X Concurso de Carteis das Letras Galegas

“Bases do X Concurso de carteis das Letras Galegas”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, en sesión ordinaria do día 28/02/2019, aprobou as bases e a convocatoria do “X Concurso de carteis das Letras Galegas”. O prazo de presentación dos carteis está aberto desde o día 25 de marzo ata o 22 de abril de 2019.

BASES X CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS

O Concello de Betanzos convoca o X Concurso de carteis das Letras Galegas coa finalidade de afondar na vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019 e promover a expresión artística e o coñecemento sobre Antón Fraguas entre os nenos e as nenas.

Bases

1. Os obxectivos do X Concurso de carteis das Letras Galegas son promover a expresión artística dos máis miúdos e miúdas, afondar no coñecemento da vida e obra de Antón Fraguas e fomentar a creación artística infantil.
 2. Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar a educación primaria ou con diversidade funcional nos centros educativos de Betanzos. Os carteis poderán realizarse de xeito individual ou en grupo. Os carteis feitos en grupo non poderán sobrepasar os/as dous/dúas alumnos/as. Cada alumno/a só poderá participar cun cartel.
 3. O motivo do cartel será a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2019, Antón Fraguas. O cartel deberá realizarse nunha cartolina en DIN A3 (aproximadamente 40 x 30) e o idioma utilizado no cartel será o galego. Os carteis deberán ser orixinais e non poderán estar publicados nin ter recibido ningún premio.
 4. Os carteis deberán indicar pola cara de atrás o nome, apelidos e teléfono, así como o curso e centro educativo a que pertence/n a/s persoa/s autora/s.
 5. Os carteis poderán entregarse nas secretarías do CEIP Francisco Vales Villamarín, do CPR Nosa Señora do Carme-Atocha e do Centro Pai Menni, no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos (Oficinas xerais, edificio Liceo) ou na Biblioteca Municipal Castelao entre o 25 de marzo e o 22 de abril, incluído este. Os carteis presentados fóra de prazo ficarán fóra do concurso.
 6. A convocatoria do X Concurso de carteis das Letras Galegas e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.net) e no taboleiro de anuncios.
 7. Concederase un primeiro premio ao cartel seleccionado polo xurado e dous accésits. Todos os premios serán un lote de material escolar por valor cincuenta euros para cada neno/a gañador/a. Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade dos deseños, así como a innovación e a adecuación aos obxectivos do concurso.
 8. O prazo de resolución do xurado será dun máximo de cinco días a partir da data límite de entrega dos traballos. O cartel escollido será o que ilustre o Programa de actividades das Letras Galegas 2019 do Concello de Betanzos e quedará en posesión do Concello. O Concello de Betanzos realizará unha exposición con todos os carteis participantes no mes de maio.
 9. O xurado estará composto polos seguintes membros: presidente/a, secretario/a e vogais. O presidente será o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, o/a secretario/a será un/ha traballador/a do Concello de Betanzos designado/a para o xurado e os/as vogais serán os/as representantes de cada un dos centros de ensino participantes no concurso.
- O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados e está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. Así mesmo, o Concello comunicarlle ás persoas premiadas o día, hora e lugar de entrega dos premios.

10. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado.

Betanzos, 11 de marzo do 2019

A alcaldesa

María Barral Varela

2019/1927